

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE CEDEIRA
CURSO: 4º DE PRIMARIA
MATERIA: Educación Musical
DEPARTAMENTO:
DATA: 8 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.	EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.	EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.
Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Diálogo a través de videoconferencia co alumnado. Observación de vídeos, fotografías ou documentos que se poden entregar.
	Instrumentos: Escala de observación
Cualificación final	A nota final será o resultado de calcular a media da nota dos dous primeiros trimestres. Esta nota poderase incrementar en función da participación nas actividades propostas, demostradas nas videoconferencias ou na entrega de fotografías, documentos ou vídeos.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnado co materia pendente

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Proposta de cancións para interpretar vocalmente e con fruta. Proposta de audicións con musicograma. Proposta de traballos sobre instrumentos musicais.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Segundo unha enquisa realizada a través de abalarMóbil e segundo a información da titora todo o alumnado dispón de conexión a internet. As propostas de traballo son colgadas no apartado correspondente da páxina web do colexio. O alumnado ou a súa familia poden realizar consultas a través dun enderezo de correo electrónico.
Materiais e recursos	Dispositivo con conexión a internet, fruta e utensilios cotiáns.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Páxina web, abalarMóbil e correo electrónico.
Publicidade	Páxina web do centro